



COMEDOR ESCOLAR

NOTIFICACIÓN ÁS FAMILIAS

Comunícase ás familias usuarias do servizo de comedor escolar a situación na que nos atopamos cara ao comezo da actividade lectiva no curso 2024/2025 (día 11 de setembro, mércores) e, polo tanto, do servizo de comedor escolar.

O persoal de cociña (un cociñeiro + dúas persoas axudantas de cociña) sufrirá a baixa dunha axudanta un mínimo de sete (7) e un máximo de quince (15) días. Isto implica que **só haberá dúas persoas para realizar todo o traballo correspondente á confección de menús, lavado da maquinaria e material utilizado para isto, lavado de vaixela (250 comensais) e limpeza do espazo de cociña e comedor escolar.**

Tanto dende o centro, como dende a Dirección Territorial da Consellería de Educación, Ciencia, Universidade e Formación Profesional en Ourense, estase tratando de resolver, se é posible, o problema canto antes.

Aínda entendendo que os procedementos administrativos teñen uns prazos que hai que respectar, agardamos que, ante o grave problema co que nos atopamos, se interveña de forma áxil para solucionarolo.

Con esta situación agardamos que entendan a variación que poidan sufrir os menús programados para estes días.

Dándolle as grazas pola súa comprensión, reciban un cordial saúdo.

Ourense, 9 de setembro de 2024